

EURODENTAL DIVISIÓN LABORATORIO, S.L.



"A idea xurdiu como complemento á nosa policlínica dental"
María Amalia Silveira Vega

Datos básicos

Actividade:	Laboratorio protésico dental
Sector de actividade	Servizos de atención sanitaria, personal e física
Nº empregados	5
Inversión inicial	102.500 €
Financiamento inicial:	Capital social: 72.121 €. Empréstimo subsidiado convenio IGAPE - Entidades Financeiras, con aval de Sogarpo: 30.050 €.
Web:	
Municipio:	Vigo, Pontevedra
Ano creación:	1999

Descrición do proxecto

Creación dun laboratorio de prótese dental especializado en prótese fixa cerámica, prótese implanto soportadas e microfresados.
Créase como anexo ao proxecto de creación dunha policlínica odontolóxica especializada en pacientes discapacitados, coa finalidade de realizar os traballos requeridos pola clínica.
Por outra parte, pareceunos interesante formar a persoal discapacitado na área da prótese dental, polo que solicitamos a calificación como centro especial de emprego.



Datos empresa

Claves do éxito

Ofrecemos unha gama de produtos (prótesis de precisión, implanto soportadas, cerámica sen metal) de moi boa calidade. Para a súa obtención na maioría dos casos hai que recurrir a laboratorios de fora da provincia.

Dende o primeiro momento contamos cun cliente fixo (a policlínica) cun gran volume de pedidos, que agora se multiplicoo por tres, pois Eurodental clínicas ten crecido. De feito, é o noso mellor cliente, o que máis factura.

Canto ás vantaxes de ser centro Especial de Emprego, estas foron relativas. Contamos todos os meses cunha importante bonificación da cuota empresarial da seguridade social e unha subvención a fondo perdido nos salarios, pero sempre se cobra con moitísimo retraso (tivemos épocas dun ano de retraso no cobro).

Por outra banda, en traballos tan especializados coma o que se realiza no laboratorio, o persoal discapacitado-dependendo da minusvalía que padeza- esixe moito esforzo en tempo e diñeiro para poderlle ensinar as labores a realizar. Quizáis noutro tipo de empresas e noutro tipo de traballo funcione mellor a contratación deste persoal.

Situación actual

Como xa se mencionou, o laboratorio está fortemente vinculado á policlínica odontolóxica, polo que canto máis crece esta, maior crecemento se observa no laboratorio.

Cabe mencionar tamén que comeza a ser coñecido por outros profesionais que están aportando tamén unha facturación considerábel ao negocio.

Perfil cliente

Clínicas odontolóxicas da cidade de Vigo.



Idea inicial

Este negocio xurde como complemento do proxecto de policlínica dental de atención a pacientes discapacitados, co fin de realizar os traballos encargados polo centro asistencial e á súa vez formar a persoal discapacitado na área das próteses dentais.

Nun principio esta parte de negocio foi deseñada como un departamento máis da policlínica, o persoal estaría formado por persoas con algún tipo de minusvalía. Pero a obtención para o laboratorio da calificación de Centro Especial de Emprego requiriu dotala dunha personalidade independente.

Principales dificultades y amenazas futuras

Quizais ao comezo a principal dificultade foi o elevado investimento inicial, pois os dous proxectos (policlínica e laboratorio) se puxeron en marcha case simultaneamente; polo cal foi necesario buscar participación externa (socios).

Existe unha ampla oferta de laboratorios dentais na cidade de Vigo, moitos deles ofrecen prezos excesivamente baixos, o que supón un importante problema de competencia desleal.

A formación do persoal con discapacidade neste tipo de traballo leva moito tempo, máis do que se preveu nun comezo, e esixe unha dedicación considerable así como recursos económicos importantes destinados á súa formación para poder sacar bos resultados.

Estamos preparados para afrontar novos retos, acabamos de incorporar o último en tecnoloxía punta no sector que é o CAD CAM, unha maquinaria á que chega desde as clínicas dentais mediante escáner as impresións das pezas dentarias preparadas para confeccionar fundas, pontes, carillas, etc. e a máquina fabricaas en menos de dúas horas. Co cal se lle pode brindar ao paciente a posibilidade de poder colocar unha funda no mesmo día , co conseguinte aforro de tempo para o paciente e para a clínica. Pois o que antes solucionaba na estremeira de oito a dez días agora faino no mesmo día. Temos que implantalo a outras clínicas que non sexan as do grupo, pero somos os primeiros en incorporalo na provincia de Pontevedra, así que con toda a ilusión do mundo, afrontamos este novo reto.

Perfil promotores

Doutora en odontoloxía, 28 anos de exercicio profesional como odontóloga, dos cais 23 de eles en España. Casada cun protésico dental, coñece perfectamente o funcionamento dun laboratorio de prótesis dental. Formación en xestión e dirección de empresas.

Aptitudes necesarias

- Teimosía.
- Crer no que estás a facer.
- Estar disposta a moitos esforzos (tempo, diñeiro, etc.) para levar adiante o teu proxecto.
- Formación axeitada.



Guía de Actividad

Laboratorio protésico dental (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

A independencia que proporciona Dirixir persoas e organizacións
O reto que supón

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

- Curso de formación empresarial para emprendedores na E.O.I.
- Curso de recursos humanos (escuela de negocios Caixavigo).
- Curso de marketing (escuela de negocios Caixavigo).
- Curso de formación empresarial

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desarrollar con éxito un proxecto empresarial?

Paréceme indispensable.

Anecdotario

Non dispoñible

